



HUNGRÍA: autorización dos importes da compensación económica a percibir por MIMO na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato

Mediante a resolución de 20 de febreiro de 2013, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os novos importes que a ECAI MIMO está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación con Hungría.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a dita entidade ascende a un total de **11.018,05 €**, segundo a seguinte distribución:

1. GASTOS INDIRECTOS: 7.040,15 €

En España: 3.736,18 €

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 2.326,51 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 578,33 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 544,67 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 286,67 €

b) Formación e adaptación: 0 €

No país de orixe da ou do menor: 3.030,97 €

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 2.240,00 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 481,96 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI: 582,01 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 0 €
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0 €

2.- GASTOS DIRECTOS: 4.077,90 €

En España: 1.531,50 €

1. Xestión de documentos: 231,50 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 0 €
3. Gastos de tradución: 600,00 €
4. Gastos de mensaxaría e correos: 300,00 €
5. Taxas: 0,00 €
6. Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 400,00 €

No país de orixe da ou do menor: 2.546,40 €

1. Xestión de documentos: 46,40 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 0 €
3. Gastos de legalización: 0,00 €



4. Gastos de tradución: 1.500,00 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 1.000,00 €
6. Mensaxaría e correos: 0 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos): 0 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 0 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0 €
10. Desprazamentos das persoas adoptadas no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 0 €
11. Axuda e manutención da ou do menor desde o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes: 0 €

Estos custos só serán aplicables aos contratos asinados con posterioridade á aprobación da devandita resolución (20 de febreiro de 2013).

Así mesmo, mediante a devandita resolución, dáse conformidade ao contrato que regulará a intermediación de MIMO para a adopción internacional en Bulgaria, conforme o novo modelo unificado establecido pola Xunta de Galicia. Segundo o dito contrato, o pagamento fraccionarase da forma seguinte:

- **Primeiro pagamento:** á sinatura do contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos (3.520,07 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 2.251,15 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento (765,75 € de costes directos en España e 1.485,40 € en Hungría). Total: **5.771,22 €.**
- **Segundo pagamento:** aceptada a asignación, aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.760,04 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 1.520,45 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento (459,45 € de costes directos en España e 1.061,00 € en Hungría). Total: **3.280,49 €.**
- **Terceiro pagamento:** antes da realización da viaxe ao país aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.760,04 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 306,30 €, que corresponden aos gastos directos previstos para finalizar a adopción e realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos trala adopción, se é o caso. Total: **2.066,34 €.**